


CONCURSO DE CARTAS DE AMOR

"RES DE PASTORIZA"



«A partir da Candeloria, ningunha ave voa soa», refrán popular.

Para conmemorar a Candeloria (o día no que casan os paxariños) e o Día dos namorados, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Equipo da Biblioteca e o Departamento de Lingua Galega e Literatura organizan un concurso de cartas de amor entre os membros da comunidade educativa, que se rexerá polas seguintes

BASES:

- Cada participante pode escribir tantas cartas desexe.*
- As cartas poden ir dirixidas a unha persoa ou cousa e poden manifestar amor, desamor, admiración, amizade, cariño...*
- Para poder ser admitido/a no concurso, os escritos deberán estar escritos en lingua galega e ser respectuosos cos demais. En caso contrario, será anulada a súa participación.*
- Non hai límite na extensión da carta, aínda que se aconsella que non pase dun folio.*
- Poderá estar manuscrita con boa caligrafía e valorarase a calidade ortográfica.*
- Datos: nome, apelidos e grupo do autor/a na parte posterior da carta.*
- Cada un dos escritos terá que ir dentro dun sobre no que conste a quen vai dirixido.*
- Os escritos deberán introducirse na caixa de correo que se depositará a tal fin na conserxería do centro para este concurso, antes do xoves, 10 de febreiro de 2022.*
- Haberá un premio sorpresa para o/a gañador/a deste concurso.*
- O xurado será designado polos organizadores deste concurso e o seu fallo será inapelable.*
- A participación no concurso supón a aceptación destas bases.*